| 4. Desenvolver de forma neutral as funcións da organización, con respecto ao principio democrático, dun xeito transparente, honesto e colaborativo para construír unha administración eficaz e eficiente |

| III.- Integridade como eficacia |
|--|
| 1. Actuar acorde cos principios de eficacia, economía e eficiencia, seguimento e avaliación |
| 2. Utilizar e coidar os recursos públicos de modo responsable, tanto a corto como a longo prazo. |



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 728/1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 15/03/2021 13:12

Páxina 9 de 11

CSV: 26EEDC-A881D7-5783AF-XTN855-X9R8WD-EH



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente/Documento 1185-441

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 02/05/2022 08:25

Páxina 201 de 364

CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1

| |
|--|
| 3. Acadar a eficacia e eficiencia na xestión pública, racionalizando e optimizando os recursos públicos |
| 4. Incorporar a mellora continua da calidade nas políticas, programas e servicios municipais |
| 5. Valorar os efectos presentes e a longo prazo das accións municipais sobre as persoas e o medio ambiente |

Terceiro. O Concello de Vigo quere reafirmar tamén, o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta ao fraude e a corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo asumen e comparten este compromiso.

Os empregados públicos que integran o Concello de Vigo teñen, entre outros deberes, "velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes" (Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 52).

O obxectivo desta política é promover dentro da organización unha cultura que desalente toda actividade que non se axuste aos parámetros de cumprimento normativo e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos. Así, entre outras medidas, o Concello de Vigo ten incorporados procedementos para declarar as situacións de conflito de intereses.

O Concello de Vigo conta, a estes efectos cun equipo de avaliación de riscos, para a revisión e actualización periódica da política de integridade, así como o seguimento dos resultados. Tamén conta coa colaboración dos diferentes responsables e xestores de procesos para asegurar que existe un adecuado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de responsabilidade e garantir, no seu caso, a debida dilixencia na implementación de medidas correctoras.

Así mesmo o Concello de Vigo dispón de ferramentas informáticas que rexistran e almacenan a información precisa de cada operación para garantir a fiabilidade e regularidade en relación co gasto.

O Concello de Vigo puxo en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude, e aplicará as propostas do comité de integridade contractual. Adicionalmente, conta con procedementos para denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse. Todos os informes trátanse na máis estrita confidencialidade e de acordo coas normas que regulan esta materia.



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/03/2021 13:12 | Páxina 10 de 11 |
| Expediente 728/1102 | CSV: 26EEDC-A881D7-5783AF-XTN855-X9R8WD-EH | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 202 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

En definitiva, o Concello de Vigo ten unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e estableceu un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse.

Cuarto. Esta declaración institucional non constitúe o punto final do proceso, senón un punto de partida, polo que todas as persoas que forman parte do Concello de Vigo comprométese a adoptar as medidas necesarias para integrar estes valores e aplicar estes principios na súa toma de decisións, accións, políticas, procesos e sistemas, constituindo un conxunto na suá aplicación.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/03/2021 13:12

Páxina 11 de 11

Expediente 728/1102

CSV: 26EEDC-A881D7-5783AF-XTN855-X9R8WD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/05/2022 08:25

Páxina 203 de 364

Expediente/Documento 1185-441

CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Anexo XII. Informe proposta “Código ético” en tramitación.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 204 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



PIC-VIGO

Plan de Integridade Contractual (AXGL12/12/12, Res. C. 26/11/20)

SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARÍA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

CERTIFICA

Que en data 28 de xaneiro de 2022 someteuse ao Comité Técnico de Integridade na Contratación o informe da Xefatura de RRHH e Formación de data sinatura dixital 24.01.2022 e tralo seu análise e conforme a fundamentación recollida na acta de reunión (trámite 26) formúlase a seguinte proposta de Código de Conduta do Concello de Vigo

PROPOSTA DE CÓDIGO DE CONDUTA DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

"Primeiro.- Aprobar o "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico", de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que,

1



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 1 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 205 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

contará co apoio técnico do "Comité Técnico de Integridade na Contratación", así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización."

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

A elaboración dun código de conduta recolléase expresamente como obxectivo da liña estratéxica 1 do Plan de Integridade Contractual: traballar con persoas e con el preténdese dotar a administración municipal dun instrumento ético que permita recoñecer o sistema de integridade e transmitir o compromiso da institución cunha xestión honesta que prioriza a defensa do interese público.

Así mesmo no actual contexto do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, a prevención convértese en peza substantiva do sistema de xestión regulado na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro establecéndose como medida de prevención dirixida a reducir o risco residual de fraude no anexo III.C.2.b o desenvolvemento dunha cultura ética, mediante o fomento dos valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez, ou o establecemento dun código de conduta ante o fraude.

A Constitución Española como norma xurídica suprema contén importantes determinacións que constitúen o imprescindible marco ético-xurídico da actividade dos poderes públicos. Así o artigo 103 no seu primeiro paragrafo dispón «a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito».

Ligado a ditos principios constitucionais atópase o principio de integridade pública que a Organización para cooperación e desenvolvemento económico (OCDE) na súa Recomendación do Consello sobre integridade pública, Recomendación (2017) 5 do 26 de xaneiro de 2017, define como o "posicionamento consistente e a adhesión a valores éticos comúns, así como ao conxunto de principios e normas destinadas a protexer, manter e priorizar o interese público sobre os intereses privados". Mediante este documento a OCDE recomenda ás institucións públicas a fixación de normas de conduta estritas



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 2 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 206 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

para os responsables e funcionarios públicos, promovendo unha cultura de integridade e transparencia, e invitando a un liderado íntegro e baseado na meritocracia.

Un sistema de integridade institucional, require, dispoñer de, entre outros elementos, dun código o códigos de conduta, como normas de autorregulación ou de carácter deontolóxico que definan valores e principios, así como normas de conduta e de actuación. A finalidade principal dos Códigos de Conduta tal e como sinala Jimenez Asensio (2017) é " *promover en la organización una "infraestructura ética", asentar una cultura ética en la institución y, sobre todo, prevenir o identificar marcos de riesgo*"

A especial posición dos funcionarios, así como a súa dependencia dunha institución pública, comporta por parte da persoa que accede ao exercicio de funcións públicas a asunción dunha serie de valores, principios e normas de conduta polo que o noso dereito positivo non só ha de conter unha regulación sobre os dereitos dos cidadáns, senón tamén dos deberes que corresponden aos empregados públicos con respecto aos propios cidadáns. Protéxese desta forma o interese público e ao mesmo tempo iso supón unha garantía para o propio empregado público que desta forma coñece con detalle os límites á hora de realizar as súas función.

O bo goberno e a boa administración, como obrigacións xurídicas que vinculan aos servidores públicos e actúan como límite no núcleo do exercicio das potestades discrecionais, esixen adoptar instrumentos que garantan o seu cumprimento de xeito que a aprobación dun código ético e de conduta convértese nunha peza crave, xunto con mecanismos eficaces de responsabilidade e control, que garantan tamén a vixilancia cidadá. Neste senso o principio de boa administración configúrase como novo paradigma do dereito administrativo que require tal e como sinala a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias do 21 de outubro de 2021 das seguintes esixencias : (a) previsión con antelación dos problemas (b) responder de forma expresa ás solicitudes e cuestións que se suscitan (c) exercer as competencias dentro da esfera legalmente atribuída (d) atender ao contido dos informes técnicos e xurídicos, de forma que se son desfavorables, ou se acatan ou se aparta mediante informes de conclusión alternativa explicitando razóns sólidas (e) analizar con rigor se existían motivos para manter a posición ou ben procedía achandarse ou recoñecer en vía administrativa as pretensións.

Dende o punto de vista normativo, o Código de conduta dos funcionarios públicos está regulado expresamente nos artigos 52 a 54 do RD 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) capítulo VI do Título III, que inclúe tanto os deberes dos empregados públicos, como os principios éticos e os denominados propiamente como principios de conduta. Estes preceptos resultan de aplicación directa aos empregados públicos, persoal funcionario e laboral, e ao persoal ao servizo das entidades do sector público estatal. Así mesmo xunto co código conduta establecido dentro do TREBEP, cómpre destacar que empregados



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 3 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 207 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 4 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 208 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

públicos, ademais do deberes de cumprimento das súas funcións, están suxeitos ao réxime de incompatibilidades. O sistema de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas constitúe tamén, unha parte importante da garantía dunha actuación administrativa baseada en criterios de ética pública. Así mesmo debemos destacar a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno na que se serie de principios éticos xerais e tamén obrigacións concretas para os membros do Goberno e altos cargos da Administración xeral do Estado e das entidades do sector público estatal.

Máis aló das esixencias normativas e legais, este Código establece os principios éticos, os valores de boa gobernanza e os comportamentos que deben informar toda actuación municipal e decisións do persoal empregado público co fin de acadar os seguintes obxectivos

- a) Fomentar a vocación e orientación de servizo á cidadanía das e os empregados públicos.
- b) Desenvolver o sentido de pertenza institucional e a profesionalidade no exercicio das funcións públicas, así como perseguir a excelencia como idea de servizo público
- c) Asentar un sistema de infraestrutura ética na función pública que lexitime a institución e reforce a confianza da cidadanía naquela.

Neste contexto propónse a aprobación dun Código de Conduta do persoal empregado público do Concello de Vigo no que se incorporan unha serie de normas de conduta ou de comportamento que, encadradas nuns principios ou valores, pretenden "orientar" en senso positivo a actuación dos empregados públicos. O presente Código ten carácter autorregulador, e como tal, carece de valor normativo e de contido disciplinario directamente aplicable aos empregados/as públicos constituindo unha directriz de actuación que os guiará no desempeño das súa labor. Así mesmo ten carácter revisable co fin de que sexa modificable para adecuarse as demandas da cidadanía

CODIGO DE CONDUCTA DO CONCELLO DE VIGO

1. OBXECTO

Este Código ten por obxecto fixar os principios, os valores éticos e as normas de conduta, con un carácter preventivo e orientador no desenvolvemento da actividade profesional co fin de mellorar a cultura ética do persoal empregado público do Concello de Vigo.

2. PRINCIPIOS ÉTICOS

O persoal empregado público do Concello de Vigo no exercicio das súas funcións respectarán a Constitución, as leis e o resto do ordenamento xurídico e a súa conduta profesional estará presidida polo principio de integridade. Actuar

de forma íntegra implica actuar con honestidade e transparencia, aliñando as decisións co marco legal e normativo vixente xunto valores éticos e principios de actuación que emanan deste Código.

Conforme a Declaración institucional de integridade aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 12 de marzo de 2021 a actuación municipal realizarase baixo os seguintes principios.

| | |
|---|---|
| I.- Integridade como promoción da ética pública ao servizo da confianza cidadá | |
| 1 | Respecto á Constitución e ao conxunto do ordenamento xurídico |
| 2 | Defensa e promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando calquera discriminación |
| 3 | Valorar a diversidade e a riqueza da diferenza como fortaleza da institución |
| 4 | Orientar toda actuación municipal á satisfacción dos intereses xerais da cidadanía |
| 5 | Tratar a todas as persoas con respecto, dun xeito xusto e equitativo |
| II.- Integridade como obxectividade | |
| 1 | Actuar con fundamento en consideracións obxectivas, sen interferencia dos intereses persoais na toma de decisións públicas |
| 2 | Adoptar decisións informadas, tomando en consideración todos os intereses en presenza e tomando en conta o coñecemento profesional |
| 3 | Desempeñar imparcialmente as funcións, sen afectación polas crenzas persoais |
| 4 | Desenvolver de forma neutral as funcións da organización, con respecto ao principio democrático, dun xeito transparente, honesto e colaborativo para construír unha administración eficaz e eficiente |
| III.- Integridade como eficacia | |
| 1 | Actuar acorde cos principios de eficacia, economía e eficiencia, seguimento e avaliación |
| 2 | Utilizar e coidar os recursos públicos de modo responsable, tanto a corto como a longo prazo. |
| 3 | Acadar a eficacia e eficiencia na xestión pública, racionalizando e optimizando os recursos públicos |
| 4 | Incorporar a mellora continua da calidade nas políticas, programas e servizos municipais |



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 5 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 209 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

5 Valorar os efectos presentes e a longo prazo das accións municipais sobre as persoas e o medio ambiente

3.- BOAS PRÁCTICAS E PAUTAS CONDUCTA E ACTUACIÓN

O persoal empregado público respectará na súa actuación a Constitución, as Lei e o resto do ordenamento xurídico e a súa conduta profesional estará dirixida a promoción e defensa dos estándares de integridade conforme as seguintes pautas/normas de actuación

3.1.- Integridade como promoción da ética pública ao servizo da confianza cidadá

Somos conscientes de que a confianza do público está influenciada pola percepción que o público ten da nosa organización.

O persoal empregado público do Concello de Vigo está comprometido co cumprimento, non so da lei senón do espírito das leis e as súas normas de desenvolvemento. O noso compromiso de ser xustos non limita o noso deber de facer efectiva a lexislación. A acción de cumprimento non é inadecuada só porque os infractores consideren que esas medidas son inxustas.

Debemos obedecer todas as instrucións e ordes profesionais dos superiores agás nos casos en que tales ordes ou instrucións constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico

No exercicio das súas funcións os/as empregados/as públicos actuará sempre con plena responsabilidade profesional, cumprindo as súas funcións e tarefas coa maior dilixencia posible e dedicando os esforzos necesarios para cumprir os obxectivos marcados.

Recoñecemos que unha consecuencia de traballar ao servizo das administración é que temos obrigas de integridade máis altas que outras persoas. Actuar de acordo co principio de lealdade e boa fe co Concello, contribuíndo ao prestixio, a dignidade e a imaxe da institución, sen adoptar condutas ou actitudes que poidan prexudicar esta imaxe.

O persoal empregado público poderá expresar a súa parecer, xa sexa a través da publicación de textos, xa a través de calquera outro canle, coa condición de que figure expresamente que se trata de opinións persoais, e que non representan a postura do Concello. No caso de que se queira publicar algún texto con relación á actividade do Concello, é necesario informar ao órgano superior inmediato, a efectos de solicitar o preceptivo permiso. En ningún caso poderán emitirse nas redes sociais opinións persoais dos empregados do Concello identificándose como representantes ou integrantes desta.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 6 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 210 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Rexeitarase calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía por parte de calquera empresa ou entidade. En ningún caso facilitarase unha dirección persoal para recibir calquera tipo de agasallo no domicilio particular.

Debemos tratar a todos con respecto: ao público ao que servimos e aos compañeiros cos que traballamos. Debemos promover nas nosas organizacións unha cultura respectuosa que garanta que a información e os servizos estean dispoñibles de forma que teñan en conta os intereses, sensibilidades e antecedentes particulares das persoas que solicitan eses servizos e garantirán a protección de datos persoais dos cidadáns e todas as súas actuacións e uso de medios electrónicos.

O persoal empregado público fomentará a través do exercicio das súas funcións e especialmente do seu comportamento un clima laboral e profesional no que prevaleza plenamente a convivencia, a solidariedade e a tolerancia, impulsando o respecto mutuo, salvagardando o pluralismo e a diversidade e actuando con empatía e ecuanimidade ante posibles conflitos e situación de discrepancia ou tensión.

Coa finalidade de promover relación de traballo baseadas na confianza mutua e respecto no que cada persoa sexa tratada de maneira xusta, imparcial, con respecto a dignidade, sen prexuízos e evitando calquera tipo de conduta ou actuación que conleve o uso de termos despectivos ou de prácticas de discriminación de calquera tipo (por razón de xénero, crenzas, ideolóxica, orientación sexual, raza, discapacidade ou calquera outra) e valorar a igualdade e a diversidade entendendo as nosas diferenzas.

Defenderase a honorabilidade das persoas empregadas públicas, no desenvolvemento das súas funcións e garantirase a activación dos protocolos de actuación correspondentes unha vez detectados casos que poden afectar á dignidade e o benestar das persoas empregadas públicas e observarase as normas sobre seguridade e saúde.

Facilitarase a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sen detrimento da promoción profesional e velarán que as relacións coas persoas empregadas públicas desenvólvanse en horarios que permitan, en termos de igualdade de oportunidades, o desenvolvemento profesional, a conciliación da vida laboral coa persoal e a mellora da calidade de vida.

3.2.- Integridade como obxectividade.-

A actividade profesional dos empregados públicos debe estar guiada exclusivamente por criterios obxectivos, técnicos e de neutralidade baseados na satisfacción dos intereses xerais co fin de representar a toda a cidadanía e non a determinados colectivos ou intereses políticos, non condicionados por conflito de interese e sempre en beneficio do interese público.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 7 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 211 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Debemos evitar calquera percepción de inxusto que poida derivarse de ter algún interese persoal nas decisións que tomamos ou de traballar nos asuntos nos que teñamos unha estreita relación cos interesados. O persoal empregado público respectará en todo caso o réxime de incompatibilidades e absterase naqueles asuntos nos que teña un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supor un risco de expor conflitos de intereses co seu posto público no marco das normas de conduta relativas ao conflito de interese establecidas no marco do Plan de Integridade na contratación e comunicarán calquera circunstancia que poida derivar en tal situación.

Actuarase con total dilixencia e independencia e absteranse de calquera acción que poida poñer en dúbida a súa capacidade de levar a cabo o seu traballo da mellor maneira posible, con total independencia e integridade e manterán, no exercicio do seu posto, a súa independencia respecto de calquera interese comercial, empresarial ou doutro tipo. Non contraerán obrigacións económicas, nin intervirán en operacións financeiras, obrigacións patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigacións do seu posto público.

Así mesmo o persoal absterase de promover calquera procedemento de contratación pública con persoas físicas ou xurídicas coas que mantivesen algún tipo de vinculación laboral ou profesional nos últimos dous anos previos ao nomeamento e absterse de participar en procedementos nos que concorran estas circunstancias.

A nosa capacidade de resposta debe amosarse no cumprimento dos servizos dentro dos prazos legais e , cando sexa posible acortar o tempo de entrega e mellora da calidade do servizo.

As actuacións administrativas deben basearse en información precisa, cinguíndose nos seus informes e propostas a feitos e datos técnicos, sen que sexan admisibles xuízos de valor arbitrarios ou suposicións non contrastadas. Motivarase calquera proposta, informe ou decisión que adopten no exercicio das súas funcións, de forma que queden claras as razóns que lles levou a proceder dese xeito. Especialmente, motivarase de forma suficiente a satisfacción das necesidades administrativas ou que se consideran de interese público que se estimulan, promoven, ou contratan.

Garantirase que os procedementos administrativos que se xestionen baixo a súa responsabilidade e, en particular, os procedementos de acceso, promoción e provisión dos postos de traballo, de contratación pública, subvencións e de recoñecemento e concesión de autorizacións, concesións ou licenzas, respondan a criterios técnicos obxectivos, sen que en ningún caso poidan interferir na súa tramitación consideracións alleas aos intereses públicos. Nos procedementos de concorrencia competitiva, os seus responsables procurarán non manter reunións inxustificadas cos interesados e/ou os seus representantes.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 8 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 212 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 9 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Fomentarase un clima de comunicación aberto e colaborativo cos empregados da súa unidade ou servizo, así como co resto de empregados públicos da administración, facilitándolles o acceso á información dos procedementos que tramiten, sempre que iso sexa posible e non haxa obrigación de confidencialidade.

Facilitarase o traballo en equipo e o desenvolvemento de contornas participativas nos que todos os compañeiros colaboren aproveitando as súas potencialidades.

A actuación do persoal empregado público ha de ser transparente e accesible sen máis límites que os impostos polas leis, protección de datos de carácter persoal e respecto aos dereitos fundamentais das persoas. A tal fin o persoal empregado público actuará conforme ao seguinte

- Dar publicidade de forma activa, proporcionando aos cidadáns toda a información institucional, económica, organizativa, contractual e calquera outra que sexa esixida pola normativa de aplicación a través de portal de transparencia e demais canais de información e comunicación que a tal efecto estableza o Concello
- Impulsar medidas de goberno aberto.
- Impulsar a apertura de datos públicos no marco das obrigación de transparencia
- Impulsar o acceso da cidadanía á información municipal derivado do principio de transparencia, garantindo a resposta áxil e adecuada ás peticións de acceso sempre que non resulte de aplicación un límite de acceso o algunha causa de inadmisión a trámite.
- Garantir a transparencia no procedementos de selección de persoal, contratación pública, a execución orzamentaria, a concesión de subvencións.
- Fomentar unha cultura de participación activa, sometendo a participación cidadá as iniciativas normativas, proxectos, plans e calquera actuación que permita a participación.

3.3.- Integridade como eficacia.-

Como servidores públicos dunha entidade local, estamos motivados pola satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. A preocupación polo benestar dos demais e fundamental para o espírito de servizo.

Os empregados públicos deben desempeñar as funcións e tarefas propias do seu posto de traballo, así como aquelas que lles sexan encomendadas de forma dilixente, e xestionar os recursos públicos baixo os principios de responsabilidade, eficacia e eficiencia, esforzándose pola mellora continua dos servizos que prestan.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 213 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

As melloras persoais na eficiencia contribuirán a melloras na eficiencia xeral da nosa administración. O persoal empregado público profundizará e actualizará a súa formación, coñecementos técnicos e especialización para o cal o Concello comprométese a promover a formación continua que lles permita perfeccionar os seus coñecementos, destrezas e capacidades.

Contribuír a calidade e mellora continúa na prestación do servizo público impulsando prácticas de innovación no ámbito público e contribuír ao desenvolvemento da administración dixital e promover o uso das novas tecnoloxías dunha maneira accesible e garantirán o uso de medios e sistemas que reforcen a interacción con a cidadanía de unha maneira áxil, segura e comprensible.

Debemos traballar para que os servizos municipais sexan accesibles e efectivos para o cal o persoal empregado público promoverán coa súa iniciativa a innovación e mellora continúa na prestación dos servizos públicos conforme as seguintes pautas de actuación.

- Facilitar o acceso aos servizos mediante o uso de ferramentas adecuadas as necesidades dos cidadáns
- Participarán activamente e implicaranse nas novas iniciativas e nos procedementos de avaliación, mellora de xestión e de cambio que, no seu caso, implante o Concello de Vigo.
- Incentivarán a creatividade e iniciativa do persoal ao seu cargo e a súa implicación nos proxectos que xestionen, así como o seu compromiso coa innovación pública.
- Promoverán unha simplificación de procedementos e trámites que eliminen a carga burocrática.
- Promoverán unha cultura de transformación e adaptabilidade permanente e continúa.

O uso dos recursos públicos está vinculado exclusivamente co exercicio das actividades e funcións públicas e evitárase o uso de calquera dos medios públicos postos á disposición do persoal para satisfacer necesidades privadas, persoais, familiares, de persoas achegadas ou profesionais, que sexan alleas aos intereses públicos. Debemos ser transparentes na forma en que usamos estes recursos

As viaxes, deberán efectuarse naqueles casos en que sexa imprescindible para o desenvolvemento das funcións ou competencias, e deberán efectuarse as persoas indispensables e directamente vinculadas a estas.

4.- Guía de conduta en materia contractual .-

A contratación pública é un dos ámbitos de actuación das Administracións Públicas que presenta unha maior dimensión económica e estratéxica, tendo en conta o gran volume de gasto que representa. Debido a que converxen nela multitude de intereses públicos e privados, considérase prioritario o



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 10 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 214 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

establecemento dunha guía de conduta orientada a mellora da cultura ética e as boas prácticas na contratación e a minimizar os riscos contra a integridade.

A guía de conduta na contratación ten unha dobre dimensión, interna, mediante a creación dun marco de actuación respecto dos cargos públicos e persoal interveniente en calquera fase dun contrato público e outra, externa, co fin de limitar as posibilidades da existencia de riscos ocasionados polas empresas e entidades concorrentes as licitacións públicas e fomentar unha actuación íntegra.

4.1.- Marco de conduta interna.-

En materia contractual, ademáis das normas establecidas na cláusula 3, as persoas suxeitas a este Código, deberán actuar con integridade e obxectividade aplicando os principios que inspíran o procedemento de contratación (eficiencia no gasto público, igualdade de trato e non discriminación, recoñecemento mutuo e especialmente, o principio de transparencia e integridade) reforzando así a confianza da cidadanía na integridade da nosa Administración

Planificarase e programarase adecuadamente as necesidades públicas que teñan que ser obxecto de contratación pública.

O persoal empregado público, no exercicio das súas funcións e competencias, deberán respectar a normativa reguladora en materia de contratación pública e velarán polo uso dos procedementos contractuais que posibiliten unha maior concorrencia e publicidade e por un uso eficaz e eficiente dos recursos destinados a sufragar as contratacións públicas.

Os cargos públicos e o persoal estará obrigado en todo momento, no exercicio das súas funcións, a ser imparcial e a observar a máxima obxectividade en todos e cada un dos xuízos que emita ou decisións que tome, e a actuar conforme ao principio de boa administración e tratarán con atención e respecto a todas as empresas e entidades interesadas no procedemento de licitación.

O principio de imparcialidade exercitarase de tal forma que manteña un criterio independente e alleo a todo interese particular. Neste senso o persoal interveniente nos procedementos da contratación pública deberá informar sobre as actividades económicas ou laborais alleas ao que poidan representar un conflito de interese no exercicio das súas funcións. Esta obrigación referida aos cargos públicos deberá reflectirse na pertinente declaración de actividades e, no seu caso, de bens.

Así mesmo o persoal e cargos públicos interveniente no procedemento de contratación deberán subscribir a declaración de ausencia de conflito de intereses no termos indicados (Expte 711-1102)

O persoal do Concello relacionado na contratación pública deberá coñecer as novidades normativas e xurisprudenciais en materia de contratación pública



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 11 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 215 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 12 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

para garantir a súa actuación dilixente e profesional nas contratacións nas que actúen. A estos efectos o persoal interviniente nos procesos de contratación comprométese a asistir a accións formativas que sexan necesarias para dita finalidade , na convicción de que a profesionalización dos responsables de contratación pública garante a boa marcha dos procedementos. Para iso, o Concello de Vigo asume o firme propósito de ofrecerlles accións formativas adecuadas, eficaces e de calidade

Así mesmo o Concello de Vigo adoptará as medidas que sexan necesarias para asegurar que o seu persoal coñeza e comprenda que practicas e actuación implican un risco de corrupción na contratación.

Impulsarase a apertura de datos públicos sobre contratación pública no marco das obrigacións de transparencia.

Publicarase no perfil do contratante a composición das mesas de contratación e a identificación concreta dos seus membros con indicación do cargo que ocupan na mesa de contratación, así como o cargo que ocupan na administración

O réxime de pagos relativos a contratos públicos axustarse ao Plan de disposición de fondos do Concello de Vigo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 75 de data 18 de abril de 2015)

Nas accións de contratación pública para garantir prácticas congruentes cos valores e principios de servizo público introducirase as cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas no marco do Plan de Integridade da Contratación.

O persoal que tivese asignada a responsabilidade de vixilancia da correcta execución deberá reportar de calquera irregularidade, falta de calidade, que detecte nos contratos e respecto a liquidación do contrato deberá actuar coa dilixencia debida reflectindo as calidades e cantidades que realmente fosen executadas.

4.2.- Marco de conduta externa.-

Este marco de actuación referida as empresas e entidades licitadoras incardinarase como un compromiso cuxo cumprimento asumirán nos documentos contractuais que regulan as relacións entre Administración e o contratista.

Os licitadores e contratistas, durante os procedementos contratación, observarán os principios éticos e de conduta segundo o disposto na Resolución da Concellería Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 6.11.2020 (expte 6552/241)

No caso de que participen en consultas preliminares do mercado formalizadas conforme á regulación vixente ou na definición das necesidades, obxecto e requisitos, prescricións, prezos, planificación, ou elección do procedemento da licitación, farano sen pretensión de restrición de competencia, debendo quedar



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 216 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 13 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

asegurada a existencia de competencia e a ausencia de vantaxes para un licitador concreto. Evitarán o favorecemento de inclusión de especificacións técnicas ou de requirimentos innecesarios para o logro da finalidade do contrato que determinen directamente a redución da competencia, facilitando á Administración soamente a información relevante e obxectiva suficiente para colaborar no futuro deseño do contrato.

Os contratistas executarán os contratos conforme ao convindo, co compromiso e a conciencia social de que o seu traballo contribúe á satisfacción de necesidades administrativas de interese xeral, evitando xerar situacións que fagan preciso acudir aos mecanismos de modificación do contrato, que só poderán utilizarse nos supostos previstos legalmente.

Deberán evitar ofrecer valoracións económicas sobre ou infravaloradas.

As empresas ou profesionais interesadas nunha licitación non poderán entrar en contacto cos cargos públicos nin co persoal do poder adxudicador responsable da licitación do contrato con motivo do contrato durante a súa licitación, salvo para obter información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria nos termos regulados pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

O contratista executará o contrato conforme ao pactado evitando calquera abuso relacionado co obxecto, a calidade, o prezo ou outros elementos e comprometerase a presentar, a pedimento do poder adxudicador, todos os documentos xustificativos das condicións de execución do contrato.

4.3.- Sistema de garantía.-

O Concello de Vigo establecerá unha canle telemática específica de participación habilitada na sede electrónica da Administración municipal que permitirá á cidadanía realizar suxestións e alertar sobre factores de risco, infraccións do código ético ou infraccións normativas, que poidan ser obxecto de comprobación, e, polo tanto, que permita previr disfuncións, corrrixir incumprimentos normativos e mellorar o proceso da contratación municipal.

5.- Adhesión ao Código de Conduta.-

O Concello de Vigo establecerá por medios electrónicos mecanismos de adhesión individualizado ao Código de Conduta dos persoal empregado público.

No caso de nomeamento ou contratación de persoal introducirase unha cláusula específica de adhesión ao Código de Conduta con motivo da toma de posesión ou formalización de contrato laboral.

6.- Difusión do Código de Conduta.-

O Concello establecerá sistema de difusión e prevención dos valores e principios que conforman o Código de Conduta a través de programas de formación, medios e comunicación interna e calquera outro medios electrónicos.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 217 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/03/2022 11:50 | Páxina 14 de 14 |
| Expediente/Documento 729-1102 | CSV: AHA2A9-41E728-E1C5D5-AB9WN7-62EG3E-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

7.- Garantía.-

O Concello de Vigo establecerá os, canais de consulta, queixa e denuncias e medidas e procedementos para supervisar e avaliar o cumprimento efectivo dos valores, principios e pautas de conduta recollidos neste código e as políticas internas que os desenvolven.”

E para que conste e surta efectos onde procede, expídese o presente certificado, de orde e co visto e praxe da Concelleiro delegado da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal en virtude da delegación de facultades da Alcaldía por Resolución de data 18.06.2019, en Vigo na data que figura ao marxe do documento asinado electrónicamente.

A Secretaria de Administración Municipal

VOP
Concelleira delegado da área de
Contratación, Patrimonio, e
Xestión Municipal

Susana Gallardo Fariña
(Resolución de 1.09.2021)

Patricia Rodríguez Calviño



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 218 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Anexo XIII. Acuerdo Pleno 30/11/2015.- adhesión al Código de Buen Gobierno Local de la FEMP.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 219 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **30 de novembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

3.5.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL DA FEMP. EXPTE. 51/1102 (1278/1101)

ANTECEDENTES.- Mediante escrito, de data 10 de novembro de 2015, a secretaria do Goberno Local, co conforme do Alcalde, formula o seguinte informe-proposta:

"Por Resolución da Alcaldía de data 5 de novembro de 2015 adoptouse acordo de incoación do expediente administrativo para a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, nomeando, a tal fin, á Secretaria do Goberno Local como instrutora, atribuíndolle a competencia para a formulación de Informe-proposta.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)⁵
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Procedemento Administrativo Común e Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRJPAC)⁶
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 7/2007, do 14 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF),
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Marco normativo

Tal e como se recolle na lexislación aplicable, as precisións normativas en materia de bo goberno e imposición de estándares de condutas como obrigas legais en relación coas Corporacións Locais atópanse basicamente na LRBRL e no ROF.

- 5 Modificada nesta materia recentemente polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo
- 6 Obrigas que se manteñe inalteradas nas normas que derogarán a LRJPAC, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cuxa entrada en vigor se producirá a partires de outubro de 2016.

Praza do Rei, 2 - Teléfono: 986 810 100 - 36202 VIGO



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 220 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Sen prexuízo da relevancia da LTBG que no ámbito do bo goberno positivizou, con carácter definitivo, a dimensión ética na xestión pública ao asociar a dita materia un réxime sancionador propio. Case dous anos despois da súa entrada en vigor non se advirte gran visibilidade na súa aplicación práctica. Ás ditas normas engádense as dispersas obrigas legais contidas nas normas reguladoras do réxime de incompatibilidades, do procedemento administrativo común, nas normas en materia de contratación, emprego público, así como a propia normativa autonómica en materia de réxime local e as normas aprobadas polas respectivas entidades locais, entre outras.

A LTBG adica o seu Título II á regulación do Bo goberno, en vigor dende a publicación da normativa a difereza das previsións relativas á transparencia, recollendo no seu artigo 26 un conxunto de principios xerais e de actuacións, tipificando as distintas infracción en materia de conflitos de intereses, de xestión económico-financeira e infraccións disciplinarias, coas correlativas sancións previas á tramitación do expediente sancionador. A adhesión ao CBGL FEMP non desvirtúa nin altera as obrigas legais, antes ben supón un elemento de reforzo positivo no cumprimento destas. O modelo da LTBG de regular con rango de lei as obrigas en materia de Bo goberno seguiron algunhas normativas autonómicas, como a Lei 3/2014, de 11 de setembro, de Transparencia e Bo Goberno de La Rioja, a Lei 19/2014, de 29 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno de Cataluña, entre outras.

En Galicia aprobouse tempranamente a Lei 4/2006, de 30 de xullo, de Transparencia e Boas prácticas da Administración Pública Galega, predicindo o modelo ao recoller as boas prácticas na xestión como un contido normativo. Na actualidade atópase en trámite parlamentario un novo proxecto de lei de transparencia, aínda que non recolle no seu ámbito subxectivo ás Entidades Locais.

Ao carón dos textos legais e na liña de autorregulación que representa este tipo de Códigos, téñense aprobado outro tipo de iniciativas, entre as que se poden citar:

- Resolución de 31 de marzo de 2009, Acordo do Consello de Goberno polo que se aproba o Código ético de conduta dos membros do Consello de Goberno e Altos Cargos da Administración da Comunidade Autónoma de Extremadura e se adoptan medidas de transparencia, contención e austeridade na execución do gasto público.
- Resolución 13/2013, de 28 de maio, do Director da Secretaría do Goberno e de Relacións co Parlamento, pola que se dispón a publicación do Acordo adoptado polo Consello de Goberno que aproba o Código Ético e de Conduta dos cargos públicos e persoal eventual da Administración General e Institucional da Comunidade Autónoma de Euskadi.
- Resolución de 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 24 de xullo de 2014 no que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 221 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

Segundo.- Natureza dos instrumentos éticos na xestión pública

Baixo a variada denominación que adquiren este tipo de códigos, atopámonos con distintos instrumentos de similar natureza que serven a idéntica finalidade: códigos éticos, códigos de conduta, códigos de bo goberno ou códigos de boas prácticas; serían só algúns deles, entre os que non resulta sinxelo establecer unha delimitación conceptual polos seus contornos difusos.

Agora ben, con independencia da denominación que adquira en cada caso, no que nos ocupa, Código de Bo Goberno, todos eles carecen de forza coercitiva e de mecanismos legais para esixir o seu cumprimento máis aló do nivel de compromisos éticos, tal e como declarou o Tribunal Constitucional en sentenza 248/2006, de 23 de outubro, recurso 6845/2001. Non obstante, e malia a ausencia de carácter normativo, gran parte do seu contido pode ser reconducido ás citadas normas vixentes reguladoras de obrigas legais e que, en caso de incumprimento extremo, poden chegar a alcanzar mesmo relevancia penal, ademais do valor que ten como instrumento de reforzo dos compromisos de xestión pública.

A percepción duns estándares de conduta axustados ás novas esixencias da sociedade no ámbito da xestión pública local adquire maior relevancia, xa que a proximidade da cidadanía á súa xestión permite a esta fiscalizar con maior eficacia a equidade e a ética no seu comportamento, polo seu elevado grao de coñecemento e proximidade ás circunstancias que rodean aos representantes políticos, aconsellando intensificar as medidas de transparencia e rendición de contas.

Terceiro.- A aprobación do Código de Bo Goberno Local FEMP

O CBGL FEMP apróbase no ano 2009 como unha iniciativa novidosa no escenario da ética pública local, inspirándose nas Recomendacións nº 60 e 86 do Congreso de Poderes Locais Rexionais do Consello de Europa (CPLRE) aprobadas en 1999 para inspirar os comportamentos das autoridades locais en relación coa "ética política", seguindo a liña iniciada polo "Código Europeo de Conducta para a integridad política de los representantes locales electos", aprobado polo CPLRE, que avoga pola promoción de códigos de conduta para os representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os políticos e cidadanía; indispensable para que aqueles que teñan que desenvolver as súas funcións o poidan facer de xeito eficiente na consideración de que o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas. Nesta dirección insiste tamén a Conferencia de Ministros europeos responsables das Institucións Locais e Rexionais, con ocasión da declaración sobre a "participación democrática y la ética pública a nivel local y regional".

O novo escenario normativo, así como a demanda por parte da sociedade dun nivel cada vez máis esixente de valores e principios de integridade no desenvolvemento das responsabilidades públicas, conduciron á necesidade de someter a revisión o CBGL da FEMP. Revisión que foi aprobada pola Xunta de Goberno da FEMP en sesión de 24 de marzo de 2015, e que na actualidade, xunto coa Ordenanza Tipo de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, se integran na estratexia de transparencia da FEMP, articulada a través da Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá.

Praza do Rei, 2 - Teléfono: 986 810 100 - 36202 VIGO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/05/2022 08:25

Páxina 222 de 364

Expediente/Documento 1185-441

CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto. Ámbito subxectivo

O CBGL inclúe no seu ámbito de aplicación aos seguintes suxeitos:

El presente Código, en su condición de instrumento inspirador de la actuación de las Entidades Locales y del personal a su servicio, se aplicará a:

- Los miembros de las Corporaciones Locales, en su condición de representantes electos, con independencia de su integración o no en el respectivo gobierno.*
- Los miembros de los órganos de gobierno de los Organismos Autónomos, Entidades públicas empresariales locales y Sociedades mercantiles locales, así como Fundaciones de naturaleza local.*
- Los titulares de órganos directivos, según la definición de la normativa en materia de régimen local y función pública.*

El personal que desempeñe funciones directivas y predirectivas al servicio de la administración local, entendiéndose por tal a aquéllos que ejerzan funciones de gestión o ejecución de carácter superior, ajustándose a las directrices generales fijadas por el órgano de gobierno de la Corporación, adoptando al efecto las decisiones oportunas y disponiendo para ello de un margen de autonomía, dentro de esas directrices generales.

d. Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Puntualizando que para os efectos de clarificar terminoloxicamente o ámbito subxectivo no desenvolvemento do CBG, as referencias aos empregados públicos incluídos no mesmo, utilizarase a expresión "directivos públicos locais". Achégase neste punto a redacción da Disposición Adicional Decimoquinta LRBRL, modificada pola Disposición Adicional Novena, apartado 5 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Quinto.- Estructura e contidos do Código de Bo Goberno

No tocante á estrutura do CBGL, non procede a súa división en Títulos e Capítulos dada a súa carencia de valor normativo, nin tampouco a segmentación articulada do seu contido. Defínense, a ditos efectos, distintos apartados nos que se apuntan as liñas estratéxicas para a axeitada xestión pública local que se estruturan arredor da delimitación do seu ámbito obxectivo e subxectivo, a incorporación dos principios do bo goberno local, así como os estándares de conduta para a mellora da democracia local e compromisos éticos en materia de conflitos de intereses, que se completa co réxime de incompatibilidades e retribucións. Sobre esta base introdúcense os aspectos máis novidosos nesta revisión e que, polo tanto, poden ser obxecto dun maior desenvolvemento na súa aplicación polo innegable percorrido que pode ofrecer ao obxectivo perseguido.

Trátase, por unha banda, de sentar as bases para ordenar as relacións entre cargos electos e empregados públicos, é dicir, entre os niveis de goberno e administración, e por outra dun conxunto de medidas para a mellora da democracia participativa, reseñando a definición dun marco para a participación cidadá 2.0, na liña de administracións orientadas ás tecnoloxías da información e da comunicación, máxime tras as últimas reformas normativas que afectan ás administracións públicas. Por último, recolle o procedemento para a aprobación do CBGL polas Entidades Locais e a necesaria avaliación e seguimento, labores nos que se



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 223 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

recoñece un papel destacado á FEMP a través das distintas iniciativas en materia de transparencia e participación, canalizadas agora a través da "Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana", á que se adheriu o Concello de Vigo por medio do acordo plenario de 28 de abril de 2015.

A adhesión do Concello de Vigo ao CBGL FEMP terá, ademais, unha clara proxección no tempo, non limitándose á Corporación actual, dende a consideración de que unha vez adherido calquera incorporación dun cargo público, asunción de responsabilidade política ou función executiva na organización, esixirá a suscripción previa do CBG.

Sexto.- Aprobación e aplicación do Código de Bo Goberno

O procedemento de aprobación require a adopción dun acordo formal de adhesión, atribuíndo a competencia para o dito acordo ao Pleno da Corporación, cara a facilitar a íntegra suscripción dos seus principios e valores pola totalidade dos membros da Corporación, con independencia da súa integración no grupo do goberno ou nos da oposición, en coherencia coa esixencia a toda a Corporación de asumir elevados compromisos de conduta, mediante a integración da dimensión ética na súa xestión e actuación como representantes públicos.

Para materializar as previsións do CGBL, unha vez aprobada establécese a necesidade de proceder á asignación individualizada da dita responsabilidade no marco da organización política e administrativa, a efectos de garantir o cumprimento dos seus obxectivos. Para iso , os órganos e persoal responsable da dita función adoptarán cantas actuacións sexan necesarias para garantir a axeitada difusión e coñecemento do CBGL, con especial incidencia sobre tres eixes: garantir o seu coñecemento pola cidadanía, a súa incorporación ao ordenamento xurídico local e a máxima difusión. Nesta liña actúa a proposta de acordo que se recolle no expediente, ao prever a inserción tanto do acordo de adhesión como do CBGL FEMP no seu texto íntegro, tanto na páxina web municipal como no Portal de Transparencia, e a difusión en clave interna a través da Intranet municipal.

Pola súa banda o CBGL xa prevé unha liña de avaliación a través dos seguintes mecanismos:

- A nivel individual, o Concello elaborará, coa periodicidade que se determine, un informe de avaliación sobre o cumprimento do CBGL a través de indicadores de medida e valoración, que incorporará, a súa vez, o resultado dos procesos de avaliación e seguimento dos instrumentos de planificación, as cartas de servizos e outros compromisos de calidade existentes.

a) Con carácter xeral, prevese a creación dun Observatorio de avaliación da transparencia, a calidade e o bo goberno, a efectos de valorar a aplicación do Código e propoñer actuacións de implementación e mellora, así como de avaliación e seguimento, sen prexuízo da asignación doutras finalidades.

7 Esta Rede de recente creación ten por finalidade promover a innovación e mellora permanente da relación entre os gobernos locais e a cidadanía baixo os principios do Goberno Aberto mediante o intercambio de experiencias e a aprendizaxe permanente, traballando en rede e desenvolvendo proxectos http://www.femp.es/Microsites/Front/PaginasLayout2/Layout2_Personalizables/MS_Maestra_2/_k6sjJ7QfK2Z5a0ypjGDF7hVCHy14AjBJbrBw0bPsMCI91AF5Q35sy0SLzLOH4R4Q

Praza do Rei, 2 - Teléfono: 986 810 100 - 36202 VIGO



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 224 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Non podemos esquecer que o CBGL carece dunha previsión sancionadora en coherencia coa súa natureza, pero tamén coa existencia dun amplo, e aínda non desenvolvido, réxime sancionador previsto nos artigos 27 e seguintes da LTBG, nos que se establece a tipificación dun elevado número de condutas, así como a correspondente sanción, e sen prexuízo da súa incardinación noutros réximes sancionadores en execución da normativa citada e da responsabilidade que, no seu caso, se puidera derivar noutras ordes xurisdiccionais.

En definitiva, tal e como se recolle na resolución de iniciación do expediente o Código de Bo Goberno da FEMP, satisface as demandas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables públicos locais, como depositarios dun mandato representativo cidadá, a súa eficacia como instrumento para a introdución da ética na xestión municipal ten sido demostrada.

Polo exposto, considerando a natureza e contidos do CBGL da FEMP así como a definición legal do Pleno como órgano integrado polo conxunto da Corporación, fórmulase ao Pleno do Concello de Vigo, a seguinte"

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria de 23 de novembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

"Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, asumindo os compromisos e estándares de conduta establecidos neste instrumento no marco da estratexia de transparencia definida ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Segundo.- Asignar, de conformidade coas previsións do CBGL, as responsabilidades políticas no seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, e as responsabilidades administrativas á Secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

Terceiro.- Dar publicidade ao acordo de adhesión mediante a súa inserción na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, incluíndo así mesmo o texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu xeral coñecemento pola cidadanía.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 225 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

Cuarto.- Notificar o presente acordo á FEMP, á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá.


Quinto.- Dar publicidade interna ao presente acordo mediante a inserción na intranet municipal do mesmo así como do texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu coñecemento polo conxunto dos empregados públicos."

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a un de decembro do ano dous mil quince.

lc

Vº e Prº
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 226 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

CÓDIGO BO GOBERNO LOCAL FEMP (APROBADO EN XUNTA DE GOBERNO DA FEMP DO 24 DE MARZO DE 2015)

Nun contexto económico, social e político no que a cidadanía manifesta un alto grao de desconfianza respecto da política, das institucións, das e dos responsables públicos, cómpre canalizar esta situación como unha oportunidade, como motor para a profundación democrática. Deste xeito, as entidades locais deben redobrar esforzos por restablecer o valor da política local e recuperar a confianza da cidadanía mediante unha intensificación e exteriorización efectiva dos valores públicos, dos estándares de conduta e da actitude ética dos cargos públicos e dos directivos locais.

No dito contexto, a revisión do *Código de bo goberno* (CBG) da FEMP resulta unha ferramenta axeitada para tal fin, reforzada pola existencia dun novo marco xurídico integrado pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, as normas autonómicas na materia e a ordenanza tipo de transparencia, acceso á información e bo goberno da FEMP. A suxeición das administracións públicas ao principio de xerarquía normativa e ao sistema de fontes establecido no noso ordenamento xurídico determinará a posición obrigante do presente código.

Seguindo a liña do CBG da FEMP aprobado no ano 2009, como unha ferramenta de introdución formal da ética no ámbito local con carácter innovador, realízase unha adaptación ao actual marco normativo e ás demandas da cidadanía. Sobre unha estrutura sinxela apúntanse as liñas estratéxicas para a axeitada xestión pública local dende a consideración do bo goberno, sentando as bases para o desenvolvemento posterior de cada unha delas.

Logo da definición dos seus ámbitos obxectivo e subxectivo, incorpóranse os principios do bo goberno local, definindo aqueles suxeitos afectados polas declaracións nel contidas e a finalidade á que obedece na súa subscripción. O contido substancial artéllase en torno a cinco eixes: estándares de conduta para a mellora da democracia local, compromisos éticos en materia de conflitos de intereses, réxime de incompatibilidades e retribucións, relacións entre cargos electos e empregados públicos e medidas para a mellora da democracia participativa.

Ademais da determinación dos principios e estándares de actuación, así como a fixación dun marco relacional entre os niveis de goberno e administración incídese en dous aspectos. O primeiro, os compromisos en materia de conflitos de intereses, advertido o maior impacto que na dignidade e recoñecemento de lexitimidade de gobernos e administracións públicas xera na cidadanía.

No segundo, como un dos aspectos máis novidosos do novo código, a irrupción, no ámbito da administración local, das tecnoloxías sociais, e en concreto das redes sociais dixitais. A súa utilización masiva pola banda da cidadanía supón un desafío para os usos e costumes empregados na participación cidadá ata o momento. As administracións



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 227 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

públicas locais deben incorporarse a este fenómeno social mediante a posta en marcha de iniciativas innovadoras que adapten a participación tal e como a coñecemos ata agora, nunha participación multicanal que aproveite as novas oportunidades de relación coa cidadanía.

A iniciativa para a creación da Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP abre, para o ámbito local, unha nova etapa e esixe dotar as entidades que se integran nel das ferramentas e instrumentos necesarios para desenvolver axeitadamente non só as súas obrigas legais senón tamén os seus compromisos éticos coa xestión pública, en xeral, e coa cidadanía, en particular. O CBG eríxese na peza central desta estratexia que será obxecto de desenvolvemento a través dos mecanismos que se definan no seo da rede.

Ámbito obxectivo

O *Código de bo goberno* ten por obxecto o establecemento dos principios a respectar no desenvolvemento das responsabilidades políticas de goberno e administración, así como as de dirección e xestión local, fixando os compromisos que reflectan os estándares de conduta recomendados e reforzando a calidade democrática das institucións locais.

Como obxectivos específicos poden sinalarse os seguintes:

- A integración da dimensión ética no funcionamento das entidades locais.
- Incorporar as estratexias de actuación para a consecución dunha democracia real e efectiva, a través da participación cidadá e no goberno aberto.
- Definir as liñas básicas que deben presidir a xestión pública local.
- Reforzar os estándares de conduta no exercicio das responsabilidades públicas.
- Delimitar as pautas para as axeitadas relacións entre os ámbitos de goberno e administración, normalizando as relacións persoais internas.

Ámbito subjectivo

O presente código, na súa condición de instrumento inspirador da actuación das entidades locais e do persoal ao seu servizo, aplicarase a:

- a) Os membros das corporacións locais, na súa condición de representantes electos, con independencia da súa integración ou non no respectivo goberno.
- b) Os membros dos órganos de goberno dos organismos autónomos, entidades públicas empresariais locais e sociedades mercantís locais, así como fundacións de natureza local.
- c) Os/as titulares de órganos directivos, segundo a definición da normativa en materia de réxime local e función pública.
- d) O persoal que desenvolva funcións directivas e pre-directivas ao servizo da administración local. Enténdese por tal a quen exerza funcións de xestión ou execución de carácter superior, axustándose ás directrices xerais fixadas polo órgano de goberno da corporación, adoptando para o efecto as decisións oportunas e dispoñendo para iso dunha marxe de autonomía, dentro desas directrices xerais.
- e) Funcionariado de administración local con habilitación de carácter nacional.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 228 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Para os efectos de clarear terminoloxicamente o ámbito subxectivo no desenvolvemento do CB as referencias ás e aos empregados públicos nel incluídos, utilizarase a expresión “directivos públicos locais”.

Con carácter previo á asunción dun cargo público, responsabilidade política ou función executiva na organización, deberase subscribir o CBG ao que se adherise a respectiva entidade local.

Esta delimitación non excluírá a subscripción dos seus obxectivos pola totalidade das e dos empregados públicos locais, suxeitos a este respecto ao código ético e de conduta recollido na normativa sobre función pública. Igualmente inclúe a aqueles suxeitos provedores de servizos á administración local e perceptores de fondos públicos.

Principios do bo goberno local

Os suxeitos destinatarios do CBG axustarán a xestión dos intereses públicos e o desenvolvemento da democracia participativa á realización efectiva do goberno aberto e os seus principios de transparencia, participación e colaboración cidadá, como mínimo nos termos da normativa vixente en cada momento, nunha xestión orientada á cidadanía.

Para a consecución dos ditos obxectivos a súa actuación estará orientada ao cumprimento dos seguintes principios, e absteranse de calquera conduta que sexa contraria a eles:

- a) Actuarán no desenvolvemento das súas funcións de acordo coa Constitución, os respectivos Estatutos de Autonomía e o resto do ordenamento xurídico, promoverán o respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas e axustarán a súa actividade aos principios éticos e de conduta contidos no presente *Código de bo goberno local*.
- b) O desenvolvemento dos labores de goberno estará presidido polos principios de eficacia, economía, eficiencia, satisfacción do interese xeral, así como de racionalización e optimización dos recursos públicos.
- c) Respetarán o principio de imparcialidade, de xeito que manteñan un criterio independente e alleo a todo interese particular, e asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.
- d) Executarán as políticas públicas conforme cos principios de publicidade, innovación, transparencia e bo servizo á cidadanía; defenderán os intereses xerais e a xeración de valor con dedicación ao servizo público.
- e) Respetarán as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, a normativa reguladora das incompatibilidades e os conflitos de intereses, os deberes de honestidade, boa fe, sxiilo e discreción en relación cos datos e informes dos que teñan coñecemento por razón do cargo.
- f) Exerцерán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que foron outorgados. Evitarán toda acción que poida poñer en risco o interese público e o patrimonio das administracións. Non se implicarán en situacións, actividades ou intereses incompatibles coas súas funcións e absteranse de intervir nos asuntos nos que conorra algunha causa que poida afectar á súa obxectividade.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 229 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- g) Incorporarán á súa actuación valores como a inclusión social de colectivos máis desfavorecidos, a tolerancia e o fomento da diversidade, a loita contra o cambio climático, a protección do medio ou a ordenación racional e sostible do territorio. Garantirán o principio de igualdade e equilibrio territorial no acceso aos servizos públicos.
- h) Respecto da disciplina presupostaria e financeira, para os efectos de garantir a correcta administración dos recursos públicos.
- i) O exercicio das competencias locais establecidas no marco normativo e as capacidades de xestión asociadas, desenvolverase baixo o principio de mellor servizo cidadán, proximidade e subsidiariedade.
- j) Pulo á adopción de modelos de xestión pública que aliñen recursos a estratexia e garantan unha orientación aos resultados ante a sociedade e á xeración de valor público como máxima garantía de fortalecemento do sector público, das súas institucións e organizacións públicas.
- k) Aposta por unha dirección pública e xestión dos recursos humanos profesional como elemento clave dun axeitado funcionamento da administración pública.

Estándares de conduta para a mellora da democracia localidade

A plasmación do carácter democrático das entidades locais esixe o seu reflexo na actuación por parte dos seus membros, axustando o desenvolvemento das responsabilidades públicas ás seguintes liñas de conduta:

1. Asumirán a responsabilidade en todo momento das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen, sen derivala cara ás e aos seus subordinados sen causa obxectiva e sen prexuízo doutras que fosen esixibles legalmente.
2. Fomentarán os valores cívicos e utilizarán un ton respectuoso, esmerado e deferente nas súas intervencións e no trato coa cidadanía.
3. Todos os membros da corporación, tanto quen integre o goberno como quen forme parte da oposición deberán basear a súa actuación na lealdade institucional, información e transparencia, colaborando na definición dos obxectivos estratéxicos e procurando acadar consensos nos asuntos de maior relevancia.
4. A toma de decisións perseguirá a satisfacción dos intereses xerais e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara ao interese común e ao trato igual e non discriminatorio.
5. Responderán fronte á cidadanía durante todo o seu mandato e atenderán dilixentemente calquera solicitude de información relativa ao desenvolvemento das súas funcións, os motivos da súa actuación, ou o funcionamento dos servizos e departamentos dos que son responsables.
6. Garantirán que a xestión pública teña un enfoque centrado na cidadanía cun compromiso de mellora continua na calidade da información, a atención e os servizos prestados.
7. Potenciarán os instrumentos necesarios para garantir a participación e cooperación cidadá no deseño das políticas públicas e na súa avaliación.
8. Impulsarán a implantación dunha administración receptiva e accesible, mediante a utilización dunha linguaxe administrativa clara e comprensible para todas as persoas; a simplificación, a eliminación de atrancos burocráticos e axilización dos procedementos; o acceso electrónico aos servizos e a mellora da calidade das normas e regulacións.
9. Os cargos electos respectarán a vontade da cidadanía e actuarán con lealdade



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 230 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

política, comprometéndose a asumir o código de conduta política en relación co transfuguismo nas corporacións locais.

10. Con motivo dos desprazamentos derivados do exercicio das funcións propias de cargo, utilizarán o medio de transporte axeitado, tendo sempre en conta as necesidades da corporación e a mellor relación en canto ao custe.
11. Facilitarán as actuacións de control e supervisión que as autoridades internas ou externas competentes adopten; absteranse de obstaculizar a execución de calquera medida de supervisión que as autoridades internas ou externas relevantes puidesen decidir tomar coa debida xustificación e transparencia.
12. Responderán dilixentemente ás solicitudes de información formuladas polos medios de comunicación en relación co desenvolvemento das súas funcións. Absteranse, pola contra, de subministrar calquera dato confidencial ou información suxeita a protección de datos de carácter persoal e artellarán medidas que fomenten a cobertura por parte dos medios de comunicación do desenvolvemento das súas funcións e o funcionamento dos servizos e departamentos ao seu cargo.
13. Promoverán a transformación da administración local mediante o desenvolvemento da xestión dende a óptica da innovación e a calidade, simplificación e redución de cargas administrativas, e garantirán a definitiva implantación administración electrónica.
14. Fomentarase a creación de instrumentos de control e seguimento da contratación pública para garantir aos operadores económicos un trato igualitario e non discriminatorio e un procedemento baseado na transparencia, así como a introdución de criterios de responsabilidade social nos contratos.

Compromisos éticos en materia de conflitos de intereses

O desenvolvemento de responsabilidades públicas esixirá o respecto á normativa en materia de conflito de intereses baseando a súa actuación nos seguintes compromisos

1. No exercicio das súas facultades discrecionais, absteranse de conceder ningunha vantaxe a eles mesmos/as ou a outra persoa ou grupo de persoas co fin de obter un beneficio persoal directo ou indirecto.
2. Absteranse de participar en calquera deliberación, votación ou execución daqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, xa sexa directo ou indirecto.
3. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio en beneficio propio ou do seu contorno ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros ou do interese xeral.
4. Non aceptarán, recibirán ou solicitarán, directamente ou a través de terceiros, regalos que excedan os usos habituais, sociais ou de cortesía por parte de entidades ou persoas ou, en calquera caso, que excedan a contía de cento cincuenta euros.
5. Rexeitarán calquera favor ou servizo en condicións vantaxosas por parte de persoas físicas ou entidades privadas que poidan condicionar o desenvolvemento das súas funcións.
6. O desenvolvemento de cargos en órganos executivos de dirección de partidos políticos e organizacións sindicais, a dita actividade en ningún caso menoscabará ou comprometerá o exercicio das súas funcións.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 231 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Réxime de incompatibilidades e retribucións

O axeitado cumprimento das esixencias normativas impostas polo réxime de incompatibilidades e a estrutura retributiva no ámbito local axustarase aos seguintes parámetros:

1. Os representantes locais, e os directivos públicos locais formularán con motivo da súa toma de posesión, con ocasión do cesamento e ao remate do seu mandato, declaracións tanto sobre causas de posible incompatibilidade e calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Así mesmo, comunicarán calquera modificación no prazo máximo dun mes.
2. Así mesmo haberán de presentar declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades. As ditas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento ao remate do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.
3. Evitarán calquera conflito de intereses con motivo do exercicio das súas funcións públicas. Han de se abster de utilizar as súas competencias e prerrogativas institucionais co fin de outorgar para se ou para terceiras persoas algún tipo de beneficio e de levar a cabo calquera tipo de actividade privada que, directa ou indirectamente, colida cos intereses públicos locais da súa responsabilidade.
4. O exercicio de responsabilidades executivas no goberno local, unha vez rematado o mandato ou producido o cesamento e durante un período de dous anos, levará de seu o cumprimento das limitacións para o exercicio de actividades privadas establecidas na lexislación reguladora de conflitos de intereses que lles sexa aplicable.
5. O réxime de dedicación exclusiva e parcial, así como as demais retribucións das e dos representantes locais fixaranse, con pleno respecto aos límites establecidos na lexislación de réxime local, con proporcionalidade e con atención a características da entidade e do posto para desenvolver tales como poboación, orzamento, situación financeira e competencias e responsabilidades que exercerán.

Goberno e administración. Relacións entre cargos electos e empregados públicos.

As relacións entre cargos electos e empregados públicos axustaranse aos principios éticos recollidos na normativa en materia de transparencia e emprego público, entre outros: respecto da Constitución e do resto de normas que integran o ordenamento xurídico; lealdade institucional, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público; transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do contorno cultural e ambiental, e respecto aos dereitos humanos e á igualdade entre mulleres e



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 232 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

homes.

Cada persoa ao servizo dos intereses públicos locais asumirá o seu cometido e funcións de forma legal e coordinada co resto de responsables públicos, políticos, técnicos e administrativos. Para garantir a existencia dun contorno de traballo en harmonía e para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos artellaranse vías alternativas á solución das discrepancias ou conflitos que, no seu caso, se puidesen producir.

As relacións entre cargos electos e empregados públicos instrumentaranse a través da implementación dos mecanismos físicos e telemáticos necesarios que garantan a posibilidade de interlocución directa e o desenvolvemento dun procedemento de mediación, presencial ou electrónico, entre as partes en conflito.

Os cargos electos impulsarán a formación en principios de integridade e orientacións do bo goberno para o conxunto de empregadas e empregados públicos.

Medidas para a mellora da democracia participativa

O principio de proximidade no ámbito local configura ás entidades locais como o espazo de goberno e administración idóneo para acadar a maior participación cidadá e instrumentar as vías e canles que fagan posible a súa materialización en niveis óptimos.

Para os efectos de coñecer con precisión as necesidades e expectativas da cidadanía, así como de garantir a existencia de canles de interlocución adoptaranse as seguintes medidas.

1. Regularase unha carta de dereitos e deberes cidadáns, como instrumento no que definir e facilitar o seu exercicio.
2. Promoverase a utilización de enquisas, realizadas nos propios servizos, na web e redes sociais, ao pé de rúa, as caixas de queixas e suxestións, o cliente misterioso, os recursos administrativos e outras canles del participación tales como as xuntas de distrito, as asociacións veciñais, o consello social, ou a comisión de suxestións e reclamacións.
3. Procurarase a mellora dos procedementos codecisión e a transformación das estruturas burocráticas non actualizadas para a consecución dunha gobernanza real, como goberno aberto, participativo, transparente e equitativo.
4. Convocarase a todos os grupos de interese (asociacións, universidade, etc.), invitándoos a expresar as súas opinións e suxestións, mesmo a colaborar na redacción das normas locais, coa posibilidade de pactalas no marco da potestade material de decisión política.
5. Implementaranse os presupostos participativos como instrumentos de mellora da participación da cidadanía na asignación dos recursos públicos e na definición de obxectivos prioritarios de xestión.
6. Atenderanse as necesidades sociais nas diferentes etapas da vida e procurarase a conciliación de tempos de traballo cos que non o son (lecer, formación).

Así mesmo facilitarase o exercicio do dereito á iniciativa popular, presando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos normativos en materia da competencia local.



| | | |
|--|--|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/05/2022 08:25 | Páxina 233 de 364 |
| Expediente/Documento 1185-441 | CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Igualmente, a través das entidades cidadás recoñecidas de interese local, estableceranse as vías para lle solicitar á administración local que se leven a cabo actividades de interese público e de competencia local e coa achega de medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

A atención cidadá estruturarase a través dun dobre mecanismo:

1. Coordinarase unha atención xeneralista, integrada nun só servizo (oficinas de Atención Cidadá) conseguindo beneficios claros en homoxeneización dos datos, en accesibilidade da cidadanía, no establecemento de criterios uniformes, na selección e formación dos operadores, na adopción de decisións, e no recoñecemento das singularidades propias do funcionamento do servizo.
2. Atención e información especializada, subministrada dende as propias unidades que a xeran. Dada a orientación á cidadanía, haberá que sentar as bases tecnolóxicas, de xestión, técnicas e legais, incluídas as económicas, para acadar que a súa relación coa administración sexa máis accesible en tempo e custe.

Enténdese o dereito de acceso á información como parte esencial do dereito xenérico del participación cidadá nos asuntos públicos¹.

Marco para a participación cidadá 2.0

O contorno cambiante e a transformación da administración local esixe o establecemento dun marco para a participación cidadá cun enfoque 2.0 baseado nas seguintes medidas e estratexias:

1. Contemplar o uso das tecnoloxías sociais como ferramenta de mellora da participación cidadá mediante a superación das tradicionais barreiras de espazo e tempo, abrindo espazos dixitais abertos á participación sen restricións e desenvolver comunidades virtuais que favorezan o ben común.
2. Facilitar e promover a iniciativa e a participación cidadás tanto individual como colectiva na xestión local, sen prexuízo das facultades de decisión correspondentes aos órganos locais correspondentes.
3. Facer efectivos e velar polos dereitos e deberes da cidadanía recollidos na lexislación aplicable e na normativa local.
4. Achegar a xestión local ás cidadás e aos cidadáns en aras a acadar unha democracia de proximidade real.
5. Deseñar órganos e mecanismos que garantan os dereitos da cidadanía relativos á participación cidadá.
